

D^a CATALINA ECHEVARRÍA BUADES, SECRETARIA DO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).

CERTIFICADO:

QUE A XGL DESTE CONCELLO E CO DATA 22 DE MARZO DO 2020 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO:

A XGL APROBA E POR UNANIMIDADE AS SS BASES QUE REXIRAN CONCURSO:

¿COMO VES TÍ AS NOSAS ÁRBORES SENLLEIRAS?

BASES:

Con motivo da presentación do libro “Árbores Senlleiras do Concello de Tomiño”, a Concellería de Medio ambiente deste Concello convoca o I Concurso de Composición ou Relato Curto sobre as árbores Senlleiras de Tomiño.

PARTICIPANTES:

Poderán participar todas as persoas físicas que o desexen sen límite de idade en correlación ás seguintes categorías:

- A. Categoría benxamín: ata 6 anos.
- B. Categoría infantil: de 7 a 11 anos (inclusive).
- C. Categoría xuvenil: de 12 a 17 anos (inclusive).
- D. Categoría adulto: a partir de 18 anos.

OBRAS:

O tema das obras será sobre AS ÁRBORES SENLLEIRAS DE TOMIÑO.
As obras deberán ser orixinais e inéditas e escritas en lingua galega.

- Nas categorías benxamín e infantil poderán presentar un debuxo ou ben un mural/composición realizado con materiais reciclados ou naturais. Na categoría de infantil, poden explicar nun pequeno texto a súa obra.
- Nas categorías xuvenil e adulto poderán presentar un relato curto de ata catro páxinas mecanografadas ou escritos a man (con letra lexible e a bolígrafo) ou ben unha composición artística de tamaño máximo A3 e unha altura non maior de 15 cm feita con materiais reciclados ou naturais.

FORMA DE ENTREGA E PRESENTACIÓN:

Para garantir o anonimato do autor, as obras entregaranse fisicamente no departamento de Medioambiente do Concello de Tomiño e irán identificadas cun PSEUDÓNIMO, indicando CONCURSO ARBORES SENLLEIRAS DE TOMIÑO e CATEGORÍA na que se presenta. Será dentro dun sobre pechado (identificado co PSEUDÓNIMO) dónde deben indicar:



- > Título da obra
- > Pseudónimo
- > Datos do autor: Nome, idade, enderezo e teléfono do autor ou representante legal.

PRAZO:

O prazo de presentación abrirase o día da publicación destas bases na páxina web do concello, logo da súa aprobación en comisión de goberno, e pecharase o 14 de maio.

XURADO:

O xurado estará composto por:

- ❖ Un representante do eido artístico
- ❖ Un representante do eido educativo
- ❖ Un representante do eido forestal-medio ambiental
- ❖ Un representante do Concello (persoal técnico)
- ❖ Un representante do Consello de Infancia e adolescencia

Os membros do xurado non poderán presentarse ó concurso.

As resolucións faranse públicas na páxina web do Concello e directamente aos premiados. A entrega de premios será o día 5 de Xuño, día Mundial de Medio Ambiente, e organizarase tendo en conta as normas sanitarias que estén en vigor nese momento, con respecto ó estado de pandemia.

PREMIOS:

Haberá dous premios por categoría, que serán:

- ❖ Categoría benxamín:
 - > Primeiro premio: Visita a Corazón do Carballo (tres entradas: neno/a+ dous acompañantes), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
 - > Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
- ❖ Categoría infantil:
 - > Primeiro premio: Circuito arboreos-tirolina no Ecomarque Marín (dous adultos +neno/a), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
 - > Segundo premio:lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
- ❖ Categoría xuvenil:
 - > Primeiro premio: Circuito arboreos-tirolina no Ecomarque Marín (dous adultos +neno/a), lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
 - > Segundo premio:lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
- ❖ Categoría adulto:



- Primeiro premio : Circuito termal de dúas horas de duración para dous adultos no Talaso Atlantico de Baiona, lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.
- Segundo premio: lote de 3 árbores e o libro “ Arbores Senlleiras do Concello de Tomiño”.

ACEPTACIÓN:

- A participación neste concurso implica a aceptación das bases. O Concello poderá utilizar as obras gañadoras en diferentes campañas de promoción relacionadas co medioambiente.
- Para calquera dúbida contactar co departamento de Medio ambiente do Concello, ben no correo electrónico tecnica.medioambiente@tomino.gal ou no teléfono 986622001.

E para que asi conste aos efectos que sexan pertinentes expido a presente certificacion co visto e praxe da Sra Alcaldesa Sandra González Alvarez na data que figura na correspondente sinatura electrónica

Vº E PRACE A ALCALDESA

ASDO SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

